



## ANUNCIO

De conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía de data 3 de FEBREIRO de 2015, fanse públicas as **"BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ASOCIATIONS E COMISIONS DE FESTAS PARA A REALIZACION DE FESTAS POPULARES NO MUNICIPIO DE CALDAS DE REIS DURANTE O ANO 2015"**

### 1.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a regulación da concesión das subvencións a Asociacións e Comisións de Festas para a realización de festas populares no municipio de Caldas de Reis durante o ano 2015.

### 2.- FINALIDADE

Con estas subvencións o Concello de Caldas de Reis pretende promover a celebración de festas populares apoiando a organización dos programas festivos que realizan asociacións ou grupos de veciños así como contribuír a preservar a tradición festiva do noso municipio.

Quedan excluídas de esta Convocatoria:

- a) As organizadas con motivo de conmemoracións ou celebracións particulares ou de orixe privado.
- b) As organizadas por particulares ou entidades con ánimo de lucro.
- c) As celebracións de especial relevancia social, tanto polo número de destinatarios como polo presuposto das festas, que sexan obxecto dunha regulación específica ao marxe de esta convocatoria.

### 3.- SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as entidades e asociacións se ánimo de lucro xuridicamente constituídas que estean censadas no Concello de Caldas de Reis ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Que as actividades non persigan finalidades estritamente de lucro.
- Que o ámbito de actuación sexa o termo municipal de Caldas de Reis.
- Que teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades culturais nel.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica do Concello correspondente a exercicios anteriores.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.
- No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

### 4.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E IMPORTE DAS AXUDAS

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva. O importe das axudas determinarase segundo o número de orquestras ou agrupacións musicais contratadas e os días festivos que se celebren sempre e cando nese día se celebre un baile no que actúe un grupo musical en directo.



Establécese unha axuda de 200 euros por cada orquestra ou agrupación musical contratada. Só será subvencionable un máximo de unha orquestra por día.

Se o número de solicitudes supera o total do orzamento presupostado nesta Convocatoria, realizarase unha valoración das solicitudes e priorizar aquelas festas cun marcado carácter popular e tradicional e traxectoria consolidada. Para garantir unha distribución equilibrada das festas en todo o termo municipal, secundariamente terase en conta a distribución territorial entre as diferentes parroquias.

O gasto estimado é de 10.000,00 € e irá con cargo á aplicación 3389/484.01 dos Presupostos Xerais.

## 5. DOCUMENTACIÓN

As entidades que soliciten algunha subvención deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia destas Bases. O prazo de presentación da solicitude rematará dez días naturais antes da celebración da festa e, en todo caso, a solicitude deberá presentarse antes do 20 de novembro de 2015.

As solicitudes presentaranse no modelo que para tal fin preparará o Concello de Caldas de Reis que estará dispoñible nas oficinas do Concello e na páxina web [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com) (SUB02) e no que deberá constar:

- Nome, enderezo e CIF da asociación ou agrupación ou colectivo solicitante.
- Documentación acreditativa da representación, xunto cunha copia do DNI do representante:
  - No caso de *agrupacións de persoas físicas* ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán cumprimentar o modelo "SUB03" de constitución da agrupación e designación de representante que proporcionará o Concello.
  - As *Asociacións legalmente constituídas* deberán achegar certificado de acreditación da representación da entidade, conforme ao modelo "SUB04" que proporcionará o Concello.
- Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e cao Seguridade Social (incluída no modelo SUB02).
- Declaración xurada das axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado (incluída no modelo SUB02)

## 6. RESOLUCIÓN

6.1.- As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases pola Concellería de Cultura, formulará a proposta á Alcaldía que será a encargada de adxudicar as subvencións.



6.2.- A relación de subvencións concedidas farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina de web do Concello e será notificada a todos os solicitantes no prazo dun mes desde a publicación da resolución.

6.3.- Por regra xeral, a subvención municipal non superará o 100% do presuposto total do proxecto ou actividade.

6.4.- As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante o importe das axudas recibidos non poderá superar o custe total da actividade ou proxecto que se quere desenvolver.

6.5.- O pago das subvencións aprobadas realizarase preferentemente mediante transferencia bancaria.

## 7. OBRIGAS DOS PERCEPTORES

As entidades perceptoras das subvencións estarán obrigadas a:

a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración importante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ó Concello, que deberá autorizar o cambio. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que se lles autorice un cambio no obxecto da subvención e o Concello poderá autorizar o mesmo e manter a subvención.

b) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade a colaboración do Concello de Caldas de Reis, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará preferentemente redactada en galego.

c) Dispoñer de permiso municipal para a realización das festas.

d) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.

e) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.

f) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.

g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Caldas de Reis, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

h) Xustificación: Presentar a xustificación da subvención no prazo máximo dun mes desde a realización da festa, e en todo caso, na data límite do 30/12/2015.

## 8 . XUSTIFICACIÓN

Para o cobro da subvención deberase achegar a seguinte documentación:

- Declaración da realización da actividade obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, dos resultados obtidos e dos gastos e ingresos correspondentes, conforme ao modelo "SUB06" que proporcionará o concello.



- Declaración xurada conforme se está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e fronte a seguridade social (Incluída no modelo "SUB06").
  - Documento que demostre a realización da actividade e conforme se fixo público o patrocinio do Concello de Caldas de Reis, como cartel anunciador ou revista, noticias de prensa, fotografías...
  - Copia do seguro de responsabilidade civil para a celebración da festa
  - Documentos que xustifiquen a realización de días de baile con actuación dun grupo musical en directo, ben a través de facturas ou de contratos coas orquestras. No caso de que se presenten facturas, estas deberán ser por un importe igual ou superior á subvención concedida, sendo orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente, debendo figurar como destinatario a Asociación beneficiaria ou no caso de agrupacións de persoas físicas o representante das mesmas.
  - En todo caso deberase acreditar a realización do pago respecto do importe do gasto obxecto da subvención, dita acreditación farase ben achegando o xustificante da transferencia bancaria, ben facendo constar na propia factura o recibín do preceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.
  - No caso de Asociacións a subvencionabilidade do IVE esixe previa acreditación da imposibilidade de recuperación ou compensación mediante achega de certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Certificación ou copia cotexada da libreta de conta bancaria (só a folia nos que consten os titulares e o número de conta) a nome da asociación beneficiaria ou, no caso de agrupacións de persoas físicas, do representante das mesmas.
- De oficio incorporárase á conta xustificativa:
- Copia do permiso, ou da súa solicitude, presentado no Concello de Caldas de Reis para a celebración da festa.
  - Informe expedido pola tesourería municipal a efectos de acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ca Facenda Local

## 9. REVISIÓN E ANULACIÓN

9.1.- O Concello de Caldas de Reis reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e o investimento da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

9.2.- En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello poderá revogar e esixir o reintegro da subvención.

## 10. OUTRAS DISPOSICIÓNS

10.1.- O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.



10.2.- Para o que non estea prevista nesta normativa, será aplicable a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e as disposicións legais en materia de réxime local.

10.3.- A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Caldas de Reis para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

10.4.- Conforme a normativa vixente, o Concello de Caldas remitirá a Axencia Estatal da administración tributaria, aquela información relativa as subvencións ou axudas concedidas, para asegurar o cumprimento das obrigas tributarias que lle corresponde.

10.5.- De conformidade coa la Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos subministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Caldas de Reis, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo na Casa do Concello, 1 36650 Caldas de Reis. O Concello de Caldas de Reis e a Concellaría de Cultura comprométese a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal.

Conforme a normativa vixente, o Concello de Caldas remitirá a Axencia Estatal da Administración Tributaria, aquela información relativa as subvencións ou axudas concedidas, para asegurar o cumprimento das obrigas tributarias que lle corresponde.

## **ANEXO**

Modelos a empregar que se publicarán integramente na web [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com) e estarán a disposición dos interesados nas oficinas do Concello.

### **Para solicitar a subvención:**

- Modelo SUB02 de solicitude
- Modelo SUB03 de constitución de comisión para a organización de festas e designación de representante (Agrupación de persoas físicas sen personalidade xurídica)
- Modelo SUB04 de acreditación de representante da Asociación.

### **Para a xustificación e cobro da subvención:**

- Modelo SUB06 de memoria de actividades e conta xustificativa.



## (SUB02) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FESTAS POPULARES

### 1.- DATOS DA COMISIÓN DE FESTAS

Denominación:	<input type="text"/>	CIF:	<input type="text"/>
Enderezo:	<input type="text"/>		
Código Postal:	Parroquia:	Concello:	<input type="text"/>

### 2.- DATOS DO REPRESENTANTE

Os datos cubertos neste apartado deben coincidir exactamente cos do titular da conta bancaria.

Nome e apelidos:	<input type="text"/>	DNI:	<input type="text"/>
Enderezo:	<input type="text"/>		
Código Postal:	Parroquia:	Concello:	<input type="text"/>
Teléfono/s	Correo electrónico	<input type="text"/>	<input type="text"/>

### 3.- TIPO DE FESTA PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

Denominación da Festa:	<input type="text"/>		
Lugar de celebración:	<input type="text"/>	Datas:	<input type="text"/>

### EXPÓN

Que á vista da convocatoria de subvencións para organización e celebración de festas que se celebren no Concello de Caldas de Reis, e tendo coñecemento das bases expresadas na mesma

### DECLARA

1.- Que a entidade **non** recibiu ningunha subvención e/ou axuda con idéntico destino, comprometéndose a comunicar ao concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

2.- Que a entidade á que representa non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.

3.- Que a entidade non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

4.- Que autoriza ao Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que representa está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### SOLICITA

**A concesión da subvención para a organización e celebración da festa citada, para o cal se adxunta os documentos requiridos cuxa veracidade certifico.**

En Caldas de Reis, a

(firma)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS**



## DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

### **Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:**

No caso de Comisión de Festas formadas por *agrupacións de persoas físicas sen NIF*, deberán presentar documentación acreditativa da representación xunto cunha copia do DNI do representante, conforme ao modelo "SUB03" que proporcionará o concello e que figura na súa web [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com)

As Asociacións legalmente constituídas deberán achegar certificado de acreditación da representación da entidade, conforme ao modelo "SUB04" que proporcionará o concello e que figura na súa web [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com)

### **Para o cobro da subvención deberase achegar a seguinte documentación:**

Declaración da realización da actividade obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, dos resultados obtidos e dos gastos e ingresos correspondentes, conforme ao modelo "SUB06" que proporcionará o concello e que figura na súa web [www.caldasdereis.com](http://www.caldasdereis.com)

Documento que demostre a realización da actividade e conforme se fixo público o patrocinio do Concello de Caldas de Reis, como cartel anunciador ou revista, noticias de prensa, fotografías...

Documentos que xustifiquen a realización de días de baile con actuación dun grupo musical en directo, ben a través de facturas ou de contratos coas orquestras. No caso de que se presenten facturas, estas deberán ser por un importe igual ou superior á subvención concedida, sendo orixinais ou fotocopias compulsadas. As facturas deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente, debendo figurar como destinatario a Asociación beneficiaria ou no caso de agrupacións de persoas físicas o representante das mesmas.

En todo caso deberase acreditar a realización do pago respecto do importe do gasto obxecto da subvención, dita acreditación farase ben achegando o xustificante da transferencia bancaria, ben facendo constar na propia factura o recibín do preceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.

Copia do seguro de responsabilidade civil.

Certificación ou copia cotexada da libreta de conta bancaria (só a folla nos que consten os titulares e o número de conta) a nome da asociación beneficiaria ou, no caso de agrupacións de persoas físicas, do representante das mesmas.

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE (Agrupacións de persoas físicas).**

En  a  de  de

REUNIDOS:

	<b>Nome e apelidos</b>	<b>D.N.I.</b>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>
D/Dona	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**MANIFESTAN:**

I) Que teñen vontade de constituírse en agrupación de persoas físicas sen personalidade xurídica para a realización das actividades derivadas da celebración da festa de .

II) Que tódolos membros asumen con carácter solidario as responsabilidades e compromisos de toda índole que puideran deducirse da realización da actividade recollida no expositivo primeiro, incluso o eventual reintegro de subvencións que puideran concederse a esta agrupación para aquela finalidade.

III) Que os membros da agrupación non se atopan incursos en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Estatal, Autonómica, Local e coa Seguridade Social.

IV) Designase como representante desta agrupación a D/Dona  con DNI nº  e veciño de .

*(Firmas de todos os asistentes)*





**ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN**

D./a. , con DNI

en calidade de Secretario da entidade

con C.I.F.

**CERTIFICA:**

Que D./a.  con DNI

en calidade de *(cargo que ostenta na Asociación)*

ostenta a representación da entidade para solicitar perante o Concello de Caldas de Reis a concesión de subvencións ou axudas económicas ao abeiro da correspondente normativa reguladora, e cumprimentar todos os trámites que sexan requiridos ao efecto.

E para que así conste, certifico en Caldas de Reis a ,

O/A secretario/a da Asociación

O/a presidente/a da Asociación

*(Sinatura)*

*(Sinatura)*



## (SUB06) CONTAXUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN

D<sup>a</sup>/D  en calidade de representante da entidade  
 con NIF/CIF  e enderezo en

### DECLARA:

- a) Que a entidade que representa deu cumprimento aos condicionantes impostos na normativa reguladora da subvención, mediante a execución das actividades ou investimentos que de seguido se detallan:

- b) Que da realización da actividade se desprenden os seguintes resultados:

- c) Que con esta conta xustificativa achéganse os orixinais ou copias debidamente cotexadas das facturas, nóminas e demais documentación acreditativa dos gastos efectuados que de seguido se relacionan:

Provedor/Empresa	CIF/NIF	Nº de factura	Concepto	Importe (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Total.....				<input type="text"/>



- d) Que se fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Caldas de Reis, do investimento/actividade subvencionado/a.
- e) Que tódolos documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Caldas de Reis, no local social da entidade, aos efectos da súa posible comprobación.
- f) Que a entidade referida non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.  
- En caso afirmativo

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade:

Entidade	Importe:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

- g) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos executados, sendo destinadas tódalas achegas a actividade subvencionada.
- h) Que a entidade á que representa non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiario/a de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social e autoriza ó Concello de Caldas de Reis para obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade que representa está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- i) Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa, e acepto someterme as normas aplicables, facilitar a información e documentación que, no seu caso, sexa requirida polo Concello.

**SOLICITA** o aboamento da axuda concedida polo Concello de Caldas de Reis, por importe de  euros.

E para que conste, asino en Caldas de Reis a

O representante